

Valoración do xurado do concurso de fotografía

Despois de longas deliberacións o xurado do I concurso de fotografía científica “LUSCOS E FUSCOS” para 3ºESO, considera que debe elixir os seguintes gañadores:

1. FOTOGRAFÍA NÚMERO 5: “ARDES E NON VOVES MÁIS”. AUTOR: Alejandro Cartelle Seijo

“Pola extraordinaria calidade cromática que consegue aportar matices casi vivos á fotografía, a metáfora visual xenialmente captada da transformación química irreversible da materia, o seu encadre e tempo de exposición perfecto para poder ofrecer esa sensación de vaporosidade sen renunciar á nitidez; e á elección precisa do momento de disparo porque permite ver o estado en que se atopa a evolución do proceso segundo fixes a atención nun punto ou noutro da fotografía, xa que un par de segundos despois ou un par de segundos antes o resultado sería radicalmente distinto ”.



2. FOTOGRAFÍA NÚMERO 34: “FLACA, NO ME CLAVES TUS PUÑALES” AUTORA: Sandra Romero Quinto

“Polo traballo técnico desplegado no tratamento das fotografías desde un punto de vista curricular e despois por captar de forma precisa un fenómeno natural dunha beleza extraordinaria como é a cristalización da auga a baixas temperaturas en forma de xeo. Valórase tamén a elección da perspectiva cenital que aporta unha sensación de verticalidade que contribúe a facer máis verosimil esa conversión dun obxecto tan inofensivo como pode ser unha planta en algo tan perigoso como un puñal. As cores captadas tamén supoñen un acerto que axuda a mellorar esta sensación de frialdade”



Lémbrese que cada gañador poderá desfrutar (ademais do recoñecemento e fama mundial que este certame leva aparelado) dun **vale de 15 euros** para gastar na cafetería do centro, de aquí a final de curso.

Queremos salientar a alta calidade do concurso concedendo tamén uns merecidos **accésit** ás seguintes fotografías que se ben non puideron superar o resultado global das dúas premiadas, cremos que conteñen elementos moi interesantes que compre valorar:

Nuria Gómez García: A dificultade



Alba Ameneiro Cabalo: A temperatura



Aitor Mosteiro Pantín: O momento e o lugar



David Morán Lozano: O contrapicado impecable



Lucía Vila Ogando: A proposta estética



Helena Brage Fornos: A beleza do imperfecto



Cloe Cortizas Romero: Xogando coas formas



Roi Dragoevich Ibáñez: O desenfoco como instrumento

